

## Comité Provincial Seguridade Saúde N° 344 - 26 de marzo de 2010

**1.- Actas:** apróbanse e asínanse as actas 343 e Extraordinaria 01/10 (Comercial).

**2.- Accidentes:** en Telefónica houbo 1 accidente (con baixa) en xaneiro e catro en febreiro (os catro sen baixa), nas contratas houbo dous en xaneiro e outro en febreiro. Sobre a cuestión de aplicar a mesma tipificación nos accidentes das contratas que a que se emprega en Telefónica, a Técnico de prevención pasaralles o criterio que se emprega na empresa para que o valoren.

Dende a CIG recordamos que o accidente da contrata Liteyca (febreiro) está relacionado cun poste e xa houbo outro accidente similar polo que algo está a fallar na prevención. Acórdase solicitarlle á contrata que informe das medidas preventivas para evitar estes accidentes.

**3.- Comentarios Actas CCSS, Subcomisión de Incendios e Grupo de denuncias Edificios, Escadas e Planta Exterior:** Comentarios Actas CCSS 402, 403 e 404. Resaltamos o seguinte:

Na acta 402 preséntanse os datos da avaliación de Riscos Psicosociais en Negocios e Profesionais, informando do método empregado (INSHT), o dato máis desfavorable é tamén a carga mental, as áreas deben propoñer accións de mellora e pasar os datos ao CPSS. Dende a CIG preguntamos pola ausencia dos responsables de Residencial e Negocios (comercial) pois acordárase que estarían presentes, citaráselles para a vindeira reunión do CPSS.

Na acta 403 volve falarse dos datos da avaliación de Riscos Psicosociais e da planificación preventiva para o ano 2010. Coméntase que os casos de gripe A están a diminuír pero aínda así manteranse as medidas preventivas. Como temas novos destacamos que se solicita documentación para avaliar os accidentes nas contratas, propónse un estudio para un novo elemento de seguridade para postes, tamén se solicita información sobre un accidente mortal dun traballador dunha contrata.

Na acta 404 volve reclamarse maior información sobre os accidentes nas contratas, fanse comentarios sobre as avaliacións de riscos psicosociais e sobre a formación dos grupos de traballo que deben crearse nos centros, indícase que o CPSS poderá invitar a un responsable do centro (no noso caso de Hércules) para informar das accións que están estudando.

**Grupo de denuncias:** Volve falarse das escadas que aínda que están marcadas para que non se usen seguen nas instalacións, co cal están a ser usadas polos traballadores tanto da empresa como das contratas, a empresa recoñece que deben retiralas. Volve a comentarse a cuestión das escadas de 15 banzos para os RP pois só enviaron unha para a provincia, farase un estudo para ver cantas se precisan e facer a solicitude delas.

**4.- Puntos Novos:** Facemos un breve resumo dos puntos presentados:

Volve falarse dunha sala de Espiño que está a utilizarse como “sala T” cando non cumpre coas condicións precisas, tamén se comenta o tema das columnas de rescate cardíaco pois non hai ningunha na Coruña, a empresa indica que é para edificios con máis de 500 traballadores.

En Residencial Hércules hai moito po no ambiente e unha renovación de aire moi mala, solicítase un informe sobre o aire acondicionado, tamén hai queixas do aire no segundo e no cuarto andar de Montiño.

Tamén se comenta a cuestión do alumeado dos RP, a cada paso máis deficiente, hai masificación nas pontes e na parte superior hai moi pouca visibilidade.